

MEMORIA DO XIII CERTAME INTERNACIONAL DE IMPROVISACIÓN EN VERSO (MOSTRA DE REGUEIFEIROS)

Sobre o previsto para a Mostra de Regueifeiros vímonos na imposibilidade de contar cos Brindeiros de Lugo, que foron substituídos polos Regueifeiros. En canto a participación foránea , conquerimos traer a un payador arxentino e a dous troveros colombianos.

Data de realización: 10 de outubro

Hora: 19:00 horas

Lugar: Auditorio do Novo Centro Sociocultural do Pedregal en Valadares-Vigo

Intervintes:

- Regueifeiros galegos
 - o Luis "O Caruncho" Bieito Lobariñas (Presentador)
 - o Pinto D´Herbón Suso de Xornes
 - o Antonio de Xornes Josiño da Teixeira
- Convidados
 - ≈ Troveiros Colombianos:
 - o Edwin (Radio Loko)
 - o Jhon (Picaflor)
 - ≈ Payador Arxentino
 - o Wilson Saliwonzyk

Patrocinou: Xunta de Galicia

 Consellería de Cultura e Turismo(Delegación Territorial de Pontevedra)

Asistiron: 350 persoas (aproximadamente)

Obradorio de Iniciación á Regueifa

- Data: 10 de outubro
- Lugar: Verbum
- Duración: de 12:00 a 14:00 horas
- Número de asistentes: 16 persoas
- Mestres: Luis "O Caruncho"
- Contido:

Obradoiro de introducción á improvisación oral en verso no que participaron algúns dos finalistas do Certame escolar que se fixo en anos recentes entre @s [alumn@s](#) de secundaria de institutos de Vigo, financiados pola Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, e outros interesados na Regueifa procedentes de distintos puntos da xeografía galega. A idade dos alumnos estaban comprendidas maiormente entre os 16 e os 55 anos.

Durante o desenvolvemento do curso os mestres fixeron un percorrido histórico pola evolución desta manifestación da cultura popular tanto no país como no resto do mundo. Aposáronlle asemade as distintas formas de improvisación que se coñecen e as técnicas usadas nas mesmas, deténdose na décima que se usa na Payada e a quarteta do trovo colombiano.

O obradoiro foi moi dinámico e participativo e os asistentes quedaron moi satisfeitos tanto do seu rendemento como da formación recibida.

O DESENVOLVEMENTO DA XIII MOSTRA DE REGUEIFEIROS POLO MIUDO

Xantar Regueifeiro.- convidouse ós artistas da Mostra a un xantar Regueifeiro, co gaio de que foran familiarizándose entre os que ían a ser contrincantes esa tarde e se romperá o xeo xa de mañá, botando unhas coplas de benvinda e facendo grupo.

Á hora prevista no programa o presentador, Bieito Lobarriñas, introduciu o acto no que excusou a súa presenza a Delegada Territorial en Vigo da Xunta de Galicia (D^a. Lucía Molaes) e no que compareceron para saudar @s asistentes os Concelleiros de Cultura e Patrimonio Histórico do Concello de Vigo, para de seguido darlle paso @s Regueifeiros Bergantiñáns Suso e Antonio de Xornes e posteriormente a Luis “O´Caruncho” e Josiño da Teixeira que fixeron unha performance de media hora na que lle amosaron ó público, dende a platea, o seu gran avance no dominio das técnicas da improvisación en verso e tamén teatrais. O esforzo foi recompensado polo aplauso e as risas dos asistentes.

Como xa facía tempo que non viñan os troveiros colombianos, este ano trouxemos a Radioloko e Picaflor, que nos ofreceron unha controversia dialéctica de grande altura expresiva, imaxinativa e non exenta de emoción.

Ian vestidos co tocado tradicional do seu país e fixeron un percorrido polos distintos ritmos e xeitos de improvisación colombianos.

Outro plato forte da Mostra foi o desafío de altísimo nivel que mantiveron o Regueifeiro galego Pinto d´Herbón e o Payador arxentino Wilson Saliwonzyk que souberon coas súas décimas captar a atención do respetable que non paraba

de aplaudir as súas rimas plenas de enxeño e beleza, pese ós espiñentos temas que trataban e a que Pinto non estaba familiarizado coa décima espinela.

Como remate houbo unha jam session con tódolos artistas sobre o esceario, na que se fixo patente que independentemente do idioma no que se improvise ou de si se fai en cuartetos, quintillas, décimas ou romances, o arte irmana a tódolos artistas e fai que a comunicación flúa.

A xente saíu realmente encantada do espectáculo que viviron no escenario ó igual que os artistas participantes que antes de irse puideron compartir un convivio non moi longo, xa que algúns deles aínda se foron para o San Froilán a seguila parranda.

.